SANTIAGO, ITALIA

[Nanni Moretti, 2018, Italia, 80 min., VOSE]

Lingua **Italiano**
Dirección e guión **Nanni Moretti**
Montaxe **Clelio Benevento**
Fotografía **Maura Morales Bergmann**
Produción **Coproducción Italia-Francia-Chile; Sacher Film Rome, Le Pacte, Storyboard Media, RAI Cinema**
Distribución **La Aventura Audiovisual**
Galardóns **Mellor Documental nos Premios David Di Donatello 2018**

Documental sobre o Chile e a Italia dos 70 configurado a partir de múltiplos e emotivos testemuños. O filme parte dos acontecementos máis coñecidos para irse centrando nun episodio concreto: o papel que xogou a Embaixada de Italia en Santiago logo do derrocamento do goberno democrático de Salvador Allende, acollendo centos de opositores á ditadura militar tralo golpe de Estado de Augusto Pinochet e ofrecéndolles axuda para abandonar o país. Desde Chile, Moretti reivindica esa Italia *rossa* e solidaria cos pobos.

NOVEMBRO: NANNI MORETI, MARÍA RUIDO, PAUL B. PRECIADO

Todas as sesións ás 20.30 h, en VOS

Martes 21
O SOL DO FUTURO
(Nanni Moretti, 2023)

Luns 27
ORLANDO,
A MIÑA BIOGRAFÍA POLÍTICA
(Paul B. Preciado, 2023)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #196
14.11.2023

SANTIAGO, ITALIA

NANNI MORETTI

CINECLUBE PONTEVEDRA

MEMORIAS DA SOLIDARIEDADE

Por Guilherme de Alencar Pinto

Nanni Moretti adoita aparecer nos seus filmes, mais aquí vémolo só en dous planos. Un é o primeiro, do que xurdiu o cartel e que se instalou como a imaxe máis famosa do filme: Moretti, case de costas cara a nós, contemplando a impoñente paisaxe de Santiago de Chile coa cordilleira ao fondo. A primeira metade de *Santiago, Italia* lida co goberno da Unidade Popular (1970-1973) en Chile, presidido por Salvador Allende, e co golpe de Estado que o destituíu e instaurou a ditadura militar que se estendeu ata 1990. A segunda aparición de Moretti ponlle fin a esa primeira metade. Vén seguida dos fragmentos á entrevista a Raúl Eduardo Iturriaga, o militar detido desde 2007 por crimes de lesa humanidade. Nun momento, Iturriaga protesta porque coidaba que lle ían facer unha entrevista con espírito imparcial, e a cámara mostra o director, que lle di: «Eu non son imparcial» e lle fai un xesto ao equipo, se cadra indicando que deixen de filmar.

A segunda metade do documental é máis específica e explícanos por que varios dos militantes entrevistados falan un italiano tan fluído. Expónsenos que a embaixada italiana en Santiago foi a que recibiu, por máis tempo, refuxiados políticos logo do golpe. Chegou a haber uns 250 asilados vivindo alí por varios meses, ata que lles concederon salvocondutos que lles permitiron trasladarse ao aeroporto e viaxar a Italia, onde foron recibidos de brazos abertos. Varios deles acabaron arraigando alí e actualmente séntense tan italianos coma chilenos.

Quitando a pequena compoñente de autorreflexividade inherente ás dúas aparicións do director, este documental non podería ser máis liso, e está case feito de entrevistas tipo «cabezas parlantes». Ás veces, as declaracións están ilustradas con material de arquivo. Non hai música incidental, salvo os créditos; hai intertítulos que introducen cada unha das grandes seccións, e uns poucos sobreimpresos que indican datos básicos (quen fala, onde estamos). Non aparecen as preguntas que inician as entrevistas, mais tampouco se oculta o entrevistador (ás veces escoitamos, fóra de campo, a voz de Moretti formulando algunha pregunta).

Iso que pode parecer pobreza cinematográfica ou academicismo, ilustra perfectamente por que unha fórmula se converte en fórmula: cando se executa con competencia, funciona ben. A montaxe parte da premisa de que unha entrevista serve para transmitir conceptos a través da palabra e da expresión facial e vocal, así que deixan os personaxes falar abondo como para pechar cada idea (sexa unha anécdota, opinión ou síntese), aínda que isto ás veces implique varios segundos de titubeos na procura da expresión correcta. Que pracer apreciar unha montaxe que non parte do temor histérico e estupidizante a que o público se aburra se ve unha mesma cara dicindo máis de dúas frases seguidas nun mesmo cadro. É ao revés: engánchase na medida en que o que nos contan se volve significativo e na medida en que establezamos un mínimo vencello coa persoa que fala.

Para quen teña algún coñecemento de historia recente suramericana, e sobre todo para quen viu a súa dose de documentais sobre o asunto, a primeira metade non achega grandes novidades factuais. Iso non é un demérito para este filme: a fin de contas, a historia está feita para contarse repetidas veces, en parte porque a mirada se vai refrescando, xa que o esquecemento tende a esvaecer elementos que pode pagar a pena manter presentes, e porque sempre hai xeracións novas que aínda non coñecen tan ben o relato. En todo caso, aquí hai elementos especialmente poéticos, dado que os entrevistados escollidos son creativos, intelixentes e as súas historias están cargadas de emocións. Entre eles, Moretti escolleu tres colegas cineastas: Carmen Castillo (quen describe o goberno da Unidade Popular como «toda unha sociedade en estado amoroso»), Miguel Littín (quen cualifica aquela ideoloxía de «un socialismo humanista e democrático») e o formidable Patricio Guzmán. As entrevistas a un par de oficiais pinochetistas ilustran a feble xustificación do golpe (a teoría dos dous demos, a suposta obviedade de que o goberno de Allende «necesariamente» conduciría a unha ditadura marxista-leninista da que viñeron salvar o país, e a premisa tácita da doutrina de seguridade nacional).

Na terceira sección, resultoume particularmente novo (e repulsivo) coñecer a artimaña das autoridades que consistiu en asasinar unha militante do Movimiento de Izquierda Revolucionario, tirar o seu corpo polo valado cara ao terreo da embaixada italiana e difundir, coa complicidade dos grandes medios de comunicación, a historia de que a moza fora inmolada como parte dunha orxía perversa realizada entre os refuxiados da embaixada.

Logo de máis dunha hora de proxección, explicítase por vez primeira o que posiblemente fora o principal propósito desta realización: o diplomático Piero De Masi refire «un fluxo de xente que fuxía, como foxen hoxe de África». Aquel momento histórico pode dicir algo sobre a actitude actual de tantos europeos con respecto aos refuxiados que chegan polo Mediterráneo. O filme péchase cun par de comentarios que comparan a solidariedade que todos os entrevistados demostran como característica da Italia dos 70, coa Italia actual, cada vez máis dominada polo consumismo, a competencia, o individualismo e a conseguinte indiferenza cara ao próximo.

Recollido de ladiaria.com. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.